

- [Buzón de suxestións](#)
- [Mapa web](#)
- [Accesibilidade](#)

novas



- [Igualdade](#)
 - [Vicepresidente](#)
 - [Relacións Institucionais](#)
 - [Xuventude](#)
 - [Benestar](#)
-

Novas

mércores 05/09/2007

Quintana defende que o galego é unha oportunidade para o país e non un problema



Fene, 5 de setembro de 2007.- O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, avogou hoxe por recoñecer no galego unha oportunidade para o país e non un problema, e por iso considerou que "debe ser a grande aposta que una a todos os galegos e galegas: construír un país que ademais de celebrar o feito de ter unha lingua propia, traballe socialmente para conservala, expandila e enriquecela en todos os ámbitos. Nos eidos educativos, pero tamén na cultura, nas institucións e nos espazos das novas tecnoloxías da información e comunicación". Quintana fixo estas declaracións durante a inauguración en Fene da VII edición da Escola de Verán da Nova Escola Galega, que este ano está centrada na lingua e o seu proceso de normalización.

Durante a súa intervención, o vicepresidente recoñeceu o valor destas xornadas que "ano tras ano dan viva conta de que o debate, o intercambio e a posta en común de experiencias arredor das diferentes cuestións que atinxen ao mundo do ensino e da educación son unha peza fundamental para facer país dende a igualdade, os valores cívicos e o compromiso coa identidade". Por iso, eloxiou a súa vocación "por facer da escola unha escola aberta, un espazo educativo en permanente contacto coa realidade deste país e cos desafíos que se lle presentan".

Polémica artificial

Durante a súa intervención, Quintana considerou inexplicable que arredor do galego haxa persoas que, dentro e fóra de Galiza, se empeñan en facer polémica e problema do que non o é, "que entendan que tratar de solucionar os problemas que presenta o uso do galego sexa precisamente un problema", dixo.

O vicepresidente chamou ao compromiso de todos no camiño da defensa da lingua, e puxo de evidencia o momento difícil que vive un idioma que é a lingua máis falada en Galiza - seis de cada dez galegos/as falaban preferente ou exclusivamente en galego en 2003— pero cuxo uso está a decaer entre a xente nova. "Este é o exemplo máis gráfico de que o galego non está en pé de igualdade co castelán no seu propio país, entre a súa poboación e na súa propia cultura. As novas xeracións que non o falan. Que saben escribilo pero que no fan uso del".

O vicepresidente puxo outras mostras desta situación de desequilibrio, como o feito de que só un de cada tres cidadáns da provincia de Pontevedra falan habitualmente en galego ou que o uso do galego entre as persoas con educación superior segue a ser residual, de xeito que, segundo datos do ano 2003, case dous de cada tres destas persoas empregan máis o castelán como lingua habitual. Á vista destas cifras, ponse de evidencia que "o galego continúa a vivir unha situación de anormalidade, non só pola porcentaxe de persoas que o falan ou escriben preferentemente, senón porque en moitos espazos e ámbitos da vida non ten case presenza práctica", afirmou.

Política lingüística

Para Quintana, "estas son as consecuencias non só de séculos dunha historia en débeda, senón tamén do percorrido dun goberno que, durante anos, non fixo outra cousa que darlle ás costas a un dos máis prezados elementos da nosa identidade: a lingua". O vicepresidente salientou que agora o goberno galego está a pór en marcha medidas efectivas para a promoción, real e efectiva, da nosa lingua. "Por vez primeira, temos en Galiza unha política lingüística digna de levar tal nome".

Quintana lembrou que o actual goberno ten aprobado un decreto que, seguindo os contidos do Plan de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade, regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Trátase, segundo o vicepresidente, de que o galego pase a ser a lingua de uso normal nas primeiras etapas da educación infantil, precisamente naquelas idades onde os rapaces e rapazas adquiren os seus primeiros coñecementos e destrezas. Tamén as galescolas, neste punto, serán o primeiro axente normalizador, o espazo esencial para vivir en galego e dar vida ao galego. "Estamos a implantar un proxecto educativo ambicioso, innovador, de calidade, deseñado en clave galega, por e para este país", afirmou. Neste senso, lembrou que este mesmo venres dará comezo oficial o curso nas primeiras galescolas, que xa supoñen a creación de 1.000 novas prazas na educación infantil pública para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

Quintana puxo de relevo que a resposta por parte dalgúns a este dinamismo en materia lingüística pasa por "crear tensión onde non a hai". Así, "o que debера ser un motivo de satisfacción e orgullo, que os e as profesionais da educación, os diferentes axentes socializadores e o conxunto da sociedade adquiran máis capacidades e formación

para poder aprender aos nenos e nenas na competencia da nosa propia lingua, é vista como un atranco", engadiu. Para o vicepresidente, "esta é unha mirada moi estreita que choca profundamente co que pensa a maioría social deste país. En Galiza a lingua é de todos. Discutila vai contra a historia, a nosa cultura e todo o que somos".

Estatus xurídico

Quintana asegurou que se "pode e debe facer máis para tratar de paliar a situación de desprazamento e limitación de usos da lingua". Neste senso, considerou fundamental reclamar que as dúas linguas, o galego e o castelán, teñan o mesmo estatus xurídico, tanto en dereitos como en deberes. Para iso, explicou, resulta fundamental un novo marco legal que, a través dun Estatuto de nación, permita darlle carta de natureza real ao carácter oficial da lingua galega. "Recoñecer, de xeito expreso, o deber para todos os galegos e galegas de coñecer o galego e o dereito de usalo. Porque se non hai o deber de coñecer a lingua é imposible exercer na práctica o dereito a utilizala".

Apoio institucional

Para Quintana, os esforzos realizados nos eidos máis sensibles á normalización da nosa lingua, como o educativo, non teñen sido suficientes, e explicou que "non o foron porque non estiveron suficientemente apoiados e encamiñados por unha acción institucional firme e orgullosa de Galiza e do seu, a través dun modelo de política lingüística ambicioso e con capacidade para pensar e promocionar a lingua en termos de valor. Un modelo que agora se está a desenvolver, con contidos de impacto na educación, na cultura e na promoción das actividades produtivas".

Neste senso, o vicepresidente considerou o galego como "un activo de primeira orde para sermos competitivos nun contorno globalizado como o que vivimos". No escenario global, dixo, "ter unha cultura propia permítenos participar no mundo aportando esta cultura ao conxunto da humanidade e aprendendo, á vez, da cultura dos demais. "Así é como seremos galegos no mundo", sentenciou.

En definitiva trátase, para o vicepresidente, "de apostar por unha vía de planificación e acción de posta en valor e deixar atrás vellos complexos que tanto nos teñen limitado nas nosas capacidades de desenvolvemento". Así, amosou a súa confianza en que os galegos e galegas "saberemos poñer punto final á negación do galego, deixando atrás polémicas que son artificiais, e traballando todos xuntos para que siga sendo o que sempre foi: o noso máis prezado valor de identidade".

[::voltar](#)

- [vicepresidencia](#)
 - [Saúda](#)
 - [Organigrama](#)
 - [Altos cargos](#)
 - [Estudos e documentos](#)
 - [Procedementos](#)
 - [Proxectos Lexislativos](#)
 - [Rexistro de Convenios](#)
 - [Carta de servizos](#)
 - [Información vaga de calor](#)
- [Publicacións](#)
- [Axenda](#)
- [novas](#)
- [Consortio](#)
- [áreas directivas](#)
 - [S. Xeral e Relacións Institucionais](#)
 - [S. Xeral da Igualdade](#)
 - [S. Xeral do Benestar](#)
 - [Gabinete Comunicación](#)
 - [Delegacións Provinciais](#)

- [áreas actuación](#)
 - [Relacións Institucionais](#)
 - [Infancia](#)
 - [Familias](#)
 - [Discapacidade](#)
 - [Mulleres](#)
 - [Mocidade](#)
 - [Comunidade / Inclusión](#)
 - [Dependencia](#)
- [Servizos](#)
 - [Modelos creación centros](#)
 - [Rede de Centros](#)
 - [MATIASS](#)